

Este proxecto técnico foi aprobado na Comisión
Permanente do Consello Galego de Estatística do día 27
de xullo de 2012

24-104 Apertura de centros de traballo

PROXECTO TÉCNICO

Obxectivo programa: obter información sobre as aperturas de centros de traballo ou de reinicio de actividade, despois de efectuar alteracións, ampliacións ou transformacións de importancia, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Normativa e organización

As principais disposicións legais sobre esta materia son as recollidas na seguinte normativa de aplicación:

1) Xeral:

- Real decreto 2414/1961, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (BOE nº 292 do 07.12.61)
- Real decreto lei 1/1986, do 14 de marzo, de medidas urxentes administrativas, financeiras, fiscais e laborais (BOE nº 73 do 26.03.86)
- Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE nº 75 do 29.03.95)
- Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (BOE nº 269 do 10.11.95)
- Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención (BOE nº 27 do 31.01.97)
- Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción (BOE nº 256 do 25.10.97)
- Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.
- Orde TIN/1071/2010, do 27 de abril, sobre requisitos e datos que deben reunir as comunicacións de apertura ou de reinicio de actividades nos centros de traballo (BOE nº 106 do 01.05.10)

2) Transferencia:


- Real decreto 2412/1982, do 24 de xuño, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo (BOE nº 232 do 28.09.82, DOG nº 21 do 19.10.82)
- Decreto 117/1982, do 5 de outubro, sobre asunción de transferencias en materia de traballo (DOG nº 21 do 19.10.82)

A fonte primaria de información procede das comunicacións de apertura dun centro de traballo ou de reinicio da actividade despois de efectuar alteracións, ampliacións ou transformacións de importancia, que o empresario debe facer, segundo o disposto no artigo 6.1 do Real Decreto Lei 1/1986, do 14 de marzo.

Está obrigado a efectuar esta comunicación o empresario, calquera que sexa a actividade que realice. Para estes efectos os conceptos de empresario e de centro de traballo son os expresados nas súas definicións positivas, de conformidade co ordenamento xurídico social.

A referida comunicación realízase ante a autoridade laboral da provincia onde radique o centro de traballo aludido, é dicir, as xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar que serán as encargadas da súa tramitación a través do Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA) da Xunta de Galicia.

A información do sistema será tratada estatisticamente, ao remate de cada exercicio, desde a Subdirección Xeral de Traballo, que está integrada na Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar.



2. Unidades estatísticas

A unidade estatística elemental é a comunicación do empresario da apertura dun novo centro de traballo ou de reanudación de actividades despois de efectuar alteracións, ampliacións ou transformacións de importancia.

Entendese por centro de traballo, segundo a definición do artigo 1.5 do Estatuto dos Traballadores, a unidade produtiva con organización específica, que sexa dada de alta como tal ante a autoridade laboral. Para que exista un centro de traballo ten que haber persoas traballadoras, contratadas por conta do empresario, desenvolvendo a súa actividade.

3. Variables

As variables recollidas son as contidas nos modelos oficiais das comunicacións de aperturas segundo o anexo A da Orde TIN/1071/2010, do 27 de abril (BOE núm. 106, do 1 de maio de 2010). No caso da CA de Galicia, o formulario empregado é o que se presenta no anexo I deste proxecto. As máis relevantes para a estatística son:

Tipo de actuación

As aperturas dos centros poden ser debidas a: creación de novos centros, reinicio da actividade, cambio de actividade ou traslado de un xa existente.

Empresa á que pertence

Así mesmo eses centros poden pertencer a empresas de nova creación ou a empresas xa existentes

Localización xeográfica do centro: concello e provincia

Actividade económica do centro, recóllese o literal da actividade económica segundo a CNAE 2009

Número de persoas traballadoras ocupadas (homes, mulleres e total)

4. Procesamento de datos

A fonte primaria de información procede das comunicacións de apertura dos centros de traballo ou reinicio da actividade que presentan os empresarios nas xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar da provincia onde radique o centro de traballo.

O empresario debe realizar, ante a autoridade laboral competente, a comunicación de apertura do centro de traballo ou de reinicio da actividade despois de efectuar alteracións, ampliacións

ou transformacións de importancia, para os efectos de comprobar o cumprimento de normas sobre seguridade e saúde laboral e da lexislación social en xeral.

Esta comunicación deberá efectuala dentro dos trinta días seguintes ao feito que as motiva, salvo que sexa unha obra de construción, xa que, neste caso, a comunicación deberá ser previa ao inicio da actividade. O requisito de autorización previa foi suprimido polo Real decreto lei 1/1986, do 14 de marzo.

A comunicación é cuberta polo propio empresario empregando o formulario do anexo I, e a presenta despois na xefatura correspondente segundo a provincia onde se localiza o centro. Estas son tratadas informaticamente nas xefaturas territoriais a través do sistema de xestión de procedementos administrativos (SXPA) da Xunta de Galicia (onde se codifica a actividade a partir do literal introducido polo empresario).

No caso de que a apertura do centro de traballo se refira a unha actividade que non sexa considerada molesta, insalubre, nociva ou perigosa ou unha obra de construción, a apertura poderá comunicarse vía telemática a través do seguinte enlace: <https://traballo.xunta.es/TRACT/>

No caso de que a comunicación referida non recolla os datos e requisitos esixidos, porase en coñecemento do interesado, co fin de que, no prazo de dez días, poida corrixilos. De non facerse a referida corrección terase por non realizada a apertura.

Para a actividade económica empregase a Clasificación Nacional de Actividades Económicas-CNAE 2009 a nivel de sección (letras) para os efectos de protección do segredo estatístico:

- A AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA
 - 01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas
 - 02 Silvicultura e explotación forestal
 - 03 Pesca e acuicultura
- B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS
 - 05 Extracción de antracita, hulla e lignito
 - 06 Extracción de cru de petróleo e gas natural
 - 07 Extracción de minerais metálicos
 - 08 Outras industrias extractivas
 - 09 Actividades de apoio ás industrias extractivas
- C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA
 - 10 Industria da alimentación
 - 11 Fabricación de bebidas
 - 12 Industria do tabaco
 - 13 Industria téxtil
 - 14 Confección de roupa de vestir
 - 15 Industria do coiro e do calzado
 - 16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría
 - 17 Industria do papel

- 18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados
- 19 Coquerías e refinación de petróleo
- 20 Industria química
- 21 Fabricación de produtos farmacéuticos
- 22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos
- 23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos
- 24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes
- 25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento
- 26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos
- 27 Fabricación de material e equipamento eléctrico
- 28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.
- 29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques
- 30 Fabricación doutro material de transporte
- 31 Fabricación de mobles
- 32 Outras industrias manufactureiras
- 33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento
- D FORNECEMENTO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO
- 35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado
- E FORNECEMENTO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN
- 36 Captación, depuración e distribución de auga
- 37 Recolla e tratamento de augas residuais
- 38 Recolla, tratamento e eliminación de residuos; valorización
- 39 Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos
- F CONSTRUCCIÓN
- 41 Construción de edificios
- 42 Enxeñaría civil
- 43 Actividades de construción especializada
- G COMERCIO POR XUNTO E AO RETALLO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS
- 45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas
- 46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas
- 47 Comercio a retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas
- H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO
- 49 Transporte terrestre e por tubaxe
- 50 Transporte marítimo e por vías navegables interiores
- 51 Transporte aéreo
- 52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte
- 53 Actividades postais e de correos
- I HOSTALARÍA
- 55 Servizos de aloxamento
- 56 Servizos de comidas e bebidas
- J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS
- 58 Edición
- Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición
- 59 musical
- 60 Actividades de programación e emisión de radio e televisión
- 61 Telecomunicacións
- 62 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática
- 63 Servizos de información
- K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS
- 64 Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións
- 65 Seguros, reaseguros e fondos de pensións, agás seguranza social obrigatoria
- 66 Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros
- L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS
- 68 Actividades inmobiliarias

- M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS
 - 69 Actividades xurídicas e de contabilidade
 - 70 Actividades das sedes centrais; actividades de consultoría de xestión empresarial
 - 71 Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicas
 - 72 Investigación e desenvolvemento
 - 73 Publicidade e estudos de mercado
 - 74 Outras actividades profesionais, científicas e técnicas
 - 75 Actividades veterinarias
- N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES
 - 77 Actividades de aluguer
 - 78 Actividades relacionadas co emprego
 - Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes
 - 79 Actividades de seguranza e investigación
 - 80 Servizos a edificios e actividades de xardinaría
 - 82 Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas
- O ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURANZA SOCIAL OBRIGATORIA
 - 84 Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria
- P EDUCACIÓN
 - 85 Educación
- Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS
 - 86 Actividades sanitarias
 - 87 Asistencia en establecementos residenciais
 - 88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento
- R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO
 - 90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos
 - 91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais
 - 92 Actividades de xogos de azar e apostas
 - 93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento
- S OUTROS SERVIZOS
 - 94 Actividades asociativas
 - 95 Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico
 - 96 Outros servizos persoais
- T ACTIVIDADES DOS FOGARES COMO EMPREGADORES DE PERSOAL DOMÉSTICO; ACTIVIDADES DOS FOGARES COMO PRODUTORES DE BENS E SERVIZOS PARA USO PROPIO
 - 97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico
 - 98 Actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio
- U ACTIVIDADES DE ORGANIZACIÓNS E ORGANISMOS EXTRATERRITORIAIS
 - 99 Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais

5. Deseño e explotación dos datos do rexistro

Cos datos de aperturas xerados, anualmente, a Subdirección Xeral de Traballo da Dirección Xeral de Relacións Laborais, elabora un resumo, para o período de referencia cos seguintes datos: número total de comunicacións: por actividade económica (CNAE-2009), tipo de apertura (de nova creación, reinicio de actividade, cambio de actividade ou traslado), así como número total de persoas traballadoras ocupadas (homes, mulleres).

O período de referencia será o ano, segundo a data na que o interesado presenta a solicitude nun rexistro válido.

Estes datos incorpóranse a unha folla de cálculo MS Excel que contén unha táboa dinámica que nos permite, tras o seu tratamento, os seguintes criterios de busca (que poderán combinarse entre si): consulta sobre datos almacenados por provincia, CNAE, tipo de apertura e número de traballadores por sexo. Así mesmo, con estes datos, realízanse táboas e gráficos e unha representación gráfica da evolución das aperturas de centros de traballo, establecendo períodos anuais.

O difusión desta operación estatística, realizarase no Anuario de Estatísticas Sociolaborais e constará das seguintes táboas:

Índice de táboas

N.º	APERTURA DE CENTROS DE TRABAJO
1	Comunicacións de aperturas de centros de traballo, por tipo de actuación e provincia, no ano...
2	Comunicación de aperturas de centros de traballo por sección da CNAE e provincia. Ano...
3	Distribución provincial dos traballadores en centros de traballo rexistrados, segundo o sexo. Ano...
4	Traballadores en centros de traballo rexistrados por sección da CNAE e provincia. Ano...

Anexo I

Impreso de comunicación de apertura ou modificación de centros de traballo

Dispoñible en:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Tramites/ANEXO_TR803A_2010_gal.pdf

<https://traballo.xunta.es/TRACT/>



EXPEDIENTE NÚM.

PROCEDEMENTO COMUNICACIÓN DE APERTURA OU REANUDACIÓN DA ACTIVIDADE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR803A	DOCUMENTO COMUNICACIÓN
--	---	----------------------------------

DATOS DA EMPRESA

DE NOVA CREAÇÃO 1 <input type="checkbox"/>		XA EXISTENTE 2 <input type="checkbox"/>		DNI/CIF	No seu defecto, pasaporte ou documento substitutivo
NOME OU RAZÓN SOCIAL					
DOMICILIO SOCIAL					
PROVINCIA		CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	
ACTIVIDADE ECONÓMICA (CNAE 2009)				ENTIDADE XESTORA OU COLABORADORA DE AT E EP	

DATOS DO CENTRO DE TRABALLO

DE NOVA CREAÇÃO 1 <input type="checkbox"/>		REANUDACIÓN DA ACTIVIDADE 2 <input type="checkbox"/>		CAMBIO DE ACTIVIDADE 3 <input type="checkbox"/>		TRASLADO 4 <input type="checkbox"/>	
NOME				CONCELLO			
ENDEREZO				PROVINCIA			
ACTIVIDADE ECONÓMICA (CNAE 2009)				CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO		
DATA DE INICIACIÓN DA ACTIVIDADE DO CENTRO AO QUE SE REFIRE A PRESENTE COMUNICACIÓN Día / Mes / Ano				Nº INS. S.S.			
NÚMERO DE TRABALLADORES OCUPADOS:							
HOMES		MULLERES		TOTAL			
CLASE DE CENTRO DE TRABALLO Taller, oficina, almacén... (se se trata de centro móbil, indicar a súa posible localización)				SUPERFICIE CONSTRUÍDA m ²			
MODALIDADE DE ORGANIZACIÓN PREVENTIVA							
<input type="checkbox"/> ASUNCIÓN PERSOAL POLO EMPRESARIO				<input type="checkbox"/> SERVIZO DE PREVENCIÓN PROPIO			
<input type="checkbox"/> TRABALLADOR/ES DESIGNADOS				<input type="checkbox"/> SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO			

DATOS DE PRODUCCIÓN E/OU ALMACENAMENTO DO CENTRO DE TRABALLO

MAQUINARIA OU APARELLOS INSTALADOS	POTENCIA INSTALADA (KW OU CV)
REALIZA TRABALLOS OU ACTIVIDADES INCLUÍDOS NO ANEXO I DO REAL DECRETO 39/1997, DO 17 DE XANEIRO, POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN	
En caso afirmativo, especificar traballos ou actividades	

LEXISLACIÓN APLICABLE

Autonómica:
 Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG 19.10.82).
 Orde do 21 de abril de 1983 (DOG núm. 64 do 14.06.83).

Xeral:
 Real decreto lei 1/1986, do 14 de marzo (BOE 26.03.86).
 Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro (BOE 25.10.97).
 Lei 25/2009, do 22 de decembro (BOE núm. 308 do 23.12.2009).
 Real decreto 337/2010, do 19 de marzo (BOE núm. 71 do 23.03.2010).
 Orde do 27 de abril do 2010 (BOE 01.05.2010).

O EMPRESARIO OU REPRESENTANTE DA EMPRESA

de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA



COMUNICACIÓN DE APERTURA DE CENTRO DE TRABAJO
NO CASO DE TRATARSE DUNHA OBRA DE CONSTRUCCIÓN

NÚM. DE INSCRICIÓN REXISTRO DE EMPRESAS ACREDITADAS		NÚM. DE EXPEDIENTE DA PRIMEIRA COMUNICACIÓN	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
<input type="checkbox"/> Acompaña Plan de seguridade e saúde no traballo aprobado		<input type="checkbox"/> Acompaña avaliación de riscos	
TIPO DE OBRA		ENDEREZO DA OBRA	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
DATA DE COMEZO DA OBRA	DURACIÓN PREVISTA DOS TRABALLOS NA OBRA	DURACIÓN PREVISTA DOS TRABALLOS NA OBRA DO CONTRATISTA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
Nº MÁXIMO ESTIMADO DE TRABALLADORES EN TODA A OBRA	Nº PREVISTO DE SUBCONTRATISTAS E TRABALLADORES AUTÓNOMOS NA OBRA DEPENDENTES DO CONTRATISTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
REALIZA TRABALLOS OU ACTIVIDADES INCLUIDOS NO ANEXO II DO REAL DECRETO 1627/1997, DO 24 DE OUTUBRO, POLO QUE SE ESTABLECEN AS DISPOSICIÓNS MÍNIMAS DE SEGURIDADE E SAÚDE NAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN			
<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON			
EN CASO AFIRMATIVO, ESPECIFICAR TRABALLOS OU ACTIVIDADES:			
<input type="text"/>			
PROMOTOR			
<input type="text"/>			
NOME / RAZÓN SOCIAL		NÚM. DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
DOMICILIO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
PROXECTISTA/S			
<input type="text"/>			
NOME E APELIDOS		NÚM. DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
DOMICILIO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
COORDINADOR/ES DE SEGURIDADE E SAÚDE EN FASE DE ELABORACIÓN DE PROXECTO			
NOME E APELIDOS		NÚM. DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
DOMICILIO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
COORDINADOR/ES DE SEGURIDADE E SAÚDE EN FASE DE EXECUCIÓN DA OBRA			
NOME E APELIDOS		NÚM. DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
DOMICILIO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<i>Lugar e data</i>			
_____, de _____ de _____			
O empresario ou representante da empresa			
Asdo.: <input type="text"/>			

-
- [Imprimir](#)
-

Comunicación de apertura ou continuación de actividade de centros de traballo.

Para que serve

A través desta páxina poderá obter e cubrir os formularios de comunicación de apertura ou continuación da actividade dos centros de traballo á Autoridade Laboral e imprimir os catro (4) exemplares, no caso de que vaia entregalos en formato papel.

Por outra banda, permite tamén a **presentación a través do Rexistro Telemático da Xunta de Galicia** daquelas comunicacións que non precisen achegar ningunha outra documentación, é dicir, o plan de seguridade e saúde no traballo e/ou xuntar proxecto técnico e memoria descritiva da actividade.

A través desta oficina virtual poderá

-No caso de NON TER CERTIFICADO de firma dixital:

Como xa se dixo anteriormente, cubrir en pantalla os formularios, imprimilos e entregalos, xunto coa documentación que lles sexa esixible segundo a actividade que desenvolvan, de calquera dos xeitos que lle permita a Lei 30/1992 de procedementos administrativo.

-No caso de TER CERTIFICADO de firma dixital:

Naquelas comunicacións que non precisen achegar máis documentación có formulario cuberto (plan de seguridade e saúde no traballo e/ou xuntar proxecto técnico e memoria descritiva da actividade), se vostede posúe un certificado de firma dixital, poderá usar o Rexistro Telemático e asinalo electrónicamente quedando xa entregado sen necesidade de facer nada máis.

Cómo cubrir as comunicacións

[Instrucións](#) básicas para usar esta ferramenta.

Vostede mesmo se asigna o contrasinal.

Deberá lembrar o seu contrasinal para acceder á comunicación con posterioridade.

Escolla o idioma para o resto da navegación  - 

Acceso con contrasinal

NIF/CIF/NIE Contrasinal

Enderezo electrónico: informatica.traballo@xunta.es

Teléfono: 981 54 73 36

É necesario ter instalado o **Adobe Acrobat Reader versión 6 ou superior** para poder editar e imprimir os documentos. Si no ten instalado o programa, pode acceder á [páxina oficial](#) do fabricante para descargalo de xeito gratuíto.

Para poder usar o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia o interesado debe posuír un certificado dixital clase 2CA (persoal) da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre - Real Casa da Moeda. Se non o posúe consulte a web da [FNMT](#).

Pode utilizar o [asistente](#) para verificar que o seu equipo cumpre cos requisitos para realizar a sinatura electrónica dos documentos a presentar.

[Información Legal](#) | [Suxerencias](#) |

Copyright © 2009 Xunta de Galicia | Todos os dereitos reservados